



BANDO

Dona MAYRA GARCÍA BERMÚDEZ, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Trabada, **FAI SABER:**

Que durante o ano 2022 en Galicia adoptáronse unha serie de medidas para a protección relacionadas coa influencia aviaria, recollidas na Orde APA/2442/2006, aplicándose en concellos incluídos nas denominadas Zonas de Especial Risco (ZER) e nas Zonas de Especial Vixilancia(ZEV).

Dado que ao longo do ano 2022 a situación agravouse con respecto a anos anteriores, considérase necesario seguir aplicando as medidas mencionadas nesa orden, que serán as seguintes no noso concello, incluído na zona ZEV:

- ***Prohibición da cría de aves ao aire libre***, e non sendo posible en int, garantizando sempre que exista un dispositivo que impida o acceso a aves silvestres e sempre que se alimente e subministre auga no interior das instalacións.
- ***Queda prohibido o uso de reclamos de caza con aves do tipo anátidas*** (parrulos ou similares) e ***charadriiformes*** (gaivotas e similares).
- ***Prohíbese dar ás aves de curral auga procedente de depósitos superficiais, fontes ou outras***, salvo que esa auga fora sometida a tratamentos de hixienización que garante a inactivación de posibles virus.
- ***Os depósitos de auga de subministro para as aves domésticas que puideran estar no exterior, deberán ser protexidos para que non accedan aves silvestres.***
- ***Quedan prohibidas as concentracións de aves de calquera tipo, comerciais ou non.***
- ***É obrigatoria a inscrición dos currais familiares de autoconsumo no Rexistro Galego de Explotacións Avícolas da Consellería de Medio Rural.***

O **rexistro dos currais familiares** pode realizarse na sede electrónica da Xunta de Galicia, cubrindo o formulario MR501A, nas Oficinas Agrarias Comarcais e por calquera dos sistemas habilitados pola Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

En Trabada, asinado dixitalmente pola Sra. Alcaldesa na data que figura na marxe.

